

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO E PREZO PÚBLICO POR ACCESO A INTERNET MEDIANTE TECNOLOXÍA WIFI

(BOP Nº 155 DE 9 DE XULLO DE 2010)

ARTIGO 1. CONCEPTO

De conformidade cos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, o Concello de Rábade establece o prezo público pola prestación do servizo de acceso a internet mediante tecnoloxía WIFI.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Tendo interés este Concello na mellora constante da calidade de vida dos seus veciños, e co obxectivo de fomentar a información e divulgación, facilitando e garantindo o acceso ás novas tecnoloxías, a presente ordenanza ten como obxecto a regulación do prezo público para a prestación do servizo de comunicación de datos mediante tecnoloxía inalámbrica.

O servizo de conexión a Internet que ofrece o Concello fomentará a mellora da calidade de vida dos veciños, o acceso ás novas tecnoloxías, á información, e o desenrolo económico.

A rede de tecnoloxía WIFI de 2.4 Ghz dispón de unha única velocidade de conexión, dispoñendo dunha velocidade máxima de acceso de 1Mb/s de descarga e 150 Kb/s de subida.

Os servizos prestados son os seguintes:

- Conexión a Internet.
- Mantenimento do servizo.
- Asistencia técnica.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos as persoas naturais ou xurídicas que soliciten o servizo de conexión a Internet mediante banda longa, beneficiándose do mesmo.

ARTIGO 4. CUANTÍA E OBRIGA DE PAGO

O importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o coste do servizo prestado.

ACTIVIDADE	PREZO (IVE incluído)
- Custo de alta do usuario	Gratuíto
- Cuota usuario por 1 mes	10 euros
- Cuota usuario por 3 meses	20 euros
- Cuota usuario por 1 ano	36 euros

ARTIGO 5. DEVENGO

O prezo público devéngase ó inicio do servizo.

ARTIGO 6. XESTIÓN E FORMA DE PAGO

A obriga de pagar o prezo público nace dende a alta no servizo.

A instalación, mantemento e adaptación das infraestruturas para a prestación do servizo levarase a cabo polo Concello a través de empresa especializada.

O usuario solicitará, a alta no servizo de conexión a Internet nas dependencias municipais mediante un formulario único, abonando integramente o importe do prezo público polo período correspondente con carácter previo á prestación do servizo de comunicación de datos. Será necesario que se cree un usuario e se valide dentro do servidor municipal para así acceder ao servizo mediante un sistema de altas.

A prestación do servizo de conexión a internet mediante un sistema inarámico darase de maneira continua e sen interrupción durante as vinte e catro horas do día, salvo supostos de forza maior, ou o establecemento de novas conexións ou a actualización da rede WIFI municipal.

O Concello de Rábade resérvase a facultade de alterar, así como suspender, desactivar ou suprimir este servizo.

Cando por calquera circunstancia (distancia do centro emisor, obras de edificios existentes, etc..) non poda prestarse o servizo por medios normais, este non poderá ser esixido ó Concello.

ARTIGO 7. DEREITOS DOS USUARIOS

Os usuarios do servizo teñen os seguintes dereitos:

- Un servizo de mantemento nos días e horas convidadas cos medios técnicos adecuados, salvo causas de forza maior.
- A que a actividade se axuste, en todo caso, ao principio de legalidade e sexa congruente cos motivos e fins que a xustifiquen.
- Aos demais dereitos que deriven da presente ordenanza ou veñan fixados en disposicións legais que sexan de aplicación.

ARTIGO 8. DEBERES DOS USUARIOS

Os usuarios do servizo están obrigados:

- A satisfacer os prezos na contía e forma previda na ordenanza.
- A utilización do servizo Wifi de forma dilixente e correcta comprometéndose a non utilizalo para a realización de actividades contrarias á lei, á moral e ás boas costumes aceptadas e/ou con fins ou efectos ilícitos, prohibidos ou lesivos de dereitos ou intereses de terceiros. O Concello declina toda responsabilidade que de todo elo puidera derivarse.
- O usuario debe absterse de alterar ou manipular os datos identificativos dos dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial do Concello de Rábade.
- A cumprimentar calquera outra obriga derivada da presente Ordenanza ou de disposicións xerais que sexan de aplicación.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS

Os suxeitos serán responsables das infraccións á presente Ordenanza que cometan eles, os seus familiares ou asalariados.

Estímanse infraccións:

- A utilización de dispositivos inarámicos non proporcionados polo Concello para acceder ao servizo sen autorización.
- Facilitar aqueles datos persoais ou técnicos que poidan facilitar o acceso a terceiros a dito servizo sen autorización.
- Manipulación de equipos hardware ou da propia rede sen autorización.
- Utilización de software malintencionado que poida ocasionar funcionamento deficiente ao resto de usuarios ou á propia rede local.

ARTIGO 10. SANCIÓN

Para as infraccións aplicaranse as seguintes sancións:

- a) Apercibimento.
- b) Baixa do servizo.
- c) Multa de 50 a 300 euros.

As sancións serán impostas pola Alcaldía previo expediente de acordo co establecido no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que apróbase o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata o acordo da súa modificación ou a súa derogación expresa.

Rábade, a 28 de xuño de 2010.
O Alcalde,

Asdo. Francisco Xosé Fernández Montes.